

## normas de funcionamento

Podes levar 3 libros durante quince días. Todos os préstamos deberán ser anotados no ordenador co teu nº lector.

Cando collas un libro da estantería debes ser coidadoso/a, deixa o resto dos libros ben colocados, xa que están por orde alfabética. Tamén podes seleccionar os libros utilizando o noso catálogo en liña, mesmo desde a túa casa!

[www.opacmeiga.rbgalicia.org](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org)

Cando devolvas un libro, entrégallo sempre á bibliotecaria/o para que anote no ordenador a devolución.

Se perdes ou estragas un libro téis que repoñelo.

Os libros do expositor de novidades non poden levarse en préstamo ata que estén colocados nas estanterías.

Utiliza os marcadores para deixar indicado o lugar a onde debes devolver o libro. Se non lembrás o lugar, déixao no "carrinho de libros lidos"



## internet

Na zona multimedia hai computadores para o uso do alumnado. Cando accedas a Internet debes ter en conta as seguintes orientacións:

- Accedo a Internet acompañado por un adulto.
- Elixo responsablemente os sitios que visito e as persoas coas que me comunico.
- Son responsable da información persoal que publico na rede.
- Respecto a información que teño das persoas e non a publico sen o seu consentimento.
- Cando copio un fragmento dun traballo ou unha imaxe da rede, fago as citas de rigor.



## horario

A biblioteca está aberta durante o recreo de 12:15 a 12:45 e de luns a xoves de 16:00 a 18:00.

# Guía de Usuarios

## Biblioteca Escolar

## CEIP Sigüeiro



[www.bibliosigueiro.blospot.com](http://www.bibliosigueiro.blospot.com)  
[www.ceipsigueiro.org](http://www.ceipsigueiro.org)

# a biblioteca...

## un lugar para aprender

A biblioteca é o centro de recursos e información do colexio, no que se podemos atopar libros e outros materiais audiovisuais ou multimedia, para aprender, investigar e pasalo ben, sós ou en compañía.

Poden utilizar a biblioteca escolar os alumnos e alumnas, os profesores e profesoras e os pais e nais. Para poder levar libros en préstamo necesitamos ter un número de lector.




zona de lectura



zona de consulta



zona de idiomas



novidades e pub. periódicas



zona de infantil



audiovisuais e multimedia



música




zona de xestión



zona de computadores

Lembra que os libros están ordenados alfabeticamente pola súa etiqueta:



## organización dos fondos

Os libros informativos están clasificados pola Clasificación Decimal Universal (CDU). Levan unha pegatina de cor branca. Os dicionarios, enciclopedias e libros de consulta non se prestan, xa que deben estar a disposición de todos os usuarios.

Os libros de ficción están clasificados por nivel lector e levan unha etiqueta de cor:

**LECTORES  
AUTÓNOMOS**

**LECTORES  
EXPERTOS**

**LECTORES  
XUVENÍS**

Están colocados por orde alfabética por autor e título. Hai dúas seccións: galego (G) e castelán (C). As seccións de poesía, teatro e cómic atoparalas en estantes separados.

Os de pegatina vermella e azul están colocados nas estanterías por editoriais.

**PRIMEIROS  
LECTORES**

**PRELECTORES**

Os CD e DVD están colocados nunhas estanterías específicas así como os libros de inglés.

